



Benqueridos compañeiros e compañeiras:

Diríxome hoxe a tod@s vos na que podo aseguravos que é a carta que máis me costa escribir de todas as que vos levo enviado desde que asumín a portavocía do grupo municipal en maio do ano pasado.

Hai un ano casi, daba un paso á fronte para encabezar o proxecto do PSOE de Arteixo nas eleccións municipais que para min viña cargado de moita ilusión e forza e co orgullo de poder representarvos a todos, pero no día de hoxe dou un paso atrás, deixando a portavocía e o grupo municipal .

Un paso atrás dos que se dan para recuperarse e coller impulso, porque seguirei comprometida co proxecto socialista e con Arteixo dende a Executiva Local do PSOE de Arteixo, á que seguirei pertencendo.

Esta é unha decisión moi meditada e que certamente me costou tomar, pero motivos persoais fan que neste momento sexa a única decisión posible.

Aproveito para dar as grazas aos meus compañeiros e compañeiras do Grupo Municipal e da Comisión Executiva Local, sen vós e o voso traballo nunca sería quen de ter chegado ata aquí.

Non podo rematar esta carta sen agradecervos ás e aos militantes o voso apoio e a forza que sempre achegastes ao noso proxecto.

Unha aperta agarimosa,

Patricia Boedo